

## Poema

Lucía Novas

MARK Tobeys enrolados, remuíños de algas, a inconsciencia da forza, a marusía perenne,  
borralla,  
esparexida, carromeiros grandiosos.

Outórgasnos a arte, as buguinias esguías, as flores nos camiños, a  
abstracción

nas palabras, e un ritmo e unha xiria  
tan terribles!

Outórgasnos o orgullo, a esperanza e as ansias, as rosas  
entre as verbas, a afouteza do océano, as augacións das furnas, os laños  
agochados.

Outórgasnos o Atlántico, a materia primaria, as lufadas intensas, salitres  
montesíos. E es fraga de escuma  
e mais batalla, brancura das ameas, rebumbio mariñeiro.

E rachas ainxustiza, os desprezos infames, a ignorancia tan mesta;  
e agasállasnos

cos buligares nas pozas, o vitalismo da auga, a teimosía da forza,  
os retomares dos tempos, as nubes fecundísimas, choivas marabillosas  
sobre morrazos e cangas, durbos e baleas, e buratos de londras, vieiras nesta ourela, rodeiras  
interiores... rabuñares no tedio, poutadas nas derrotas, valentía no medo;  
e poemas frondosos coma bosques, e tascas  
alegres coma fentos, e un gato mariñeiro, e uns homes tan felinos, e *Gran Sol* de forzas e  
traballos.

E cantas á materia, ó océano incansábel, á ferventía intensa.

E outorgas maré, fermosura das bocas, cunchísimas  
de area, radiantes atmosferas.

